



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE MAIO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de maio de dous mil dezaseis; as nove e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaioito de maio de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

**EXPEDIENTE RIB/N/44/16. -**

Visto o expediente tramitado por **Don José Luis Raña Cuña**, con domicilio na rúa Ramal nº 18, Francelos, no que presenta anteproxecto para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Ramal nº 22, Francelos.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 16 de maio de 2016 no que se establece o seguinte:

" O "*Anteproxecto Rehabilitación de vivenda unifamiliar*", que se presenta, está redactado pola arquitecta D. María Eulalia Torres Carro.

Trátase dunha edificación de planta baixa e unha planta alta, destinada a uso residencial, vivenda unifamiliar.

Sitúase illada, coa fachada noroeste cara ó vial e o resto das fachadas cara á parcela.

Segundo datos catastrais, a súa data de construción é o ano 1920.

Edificación, con planta baixa e unha planta alta cara á parcela e, debido a diferenza de nivel, dunha planta cara ó vial. De planta cadrada, con muros perimetrais de pedra granítica e forxados de madeira. Ocos exteriores alintelados e con carpintería de madeira. Balcón corrido de beiril de pedra e varanda metálica na planta alta da fachada sueste. Cuberta de tella cerámica curva, con faldóns a catro augas, de pendente reducida. Cano e baixante de recollida de augas pluviais de pvc, soamente na fachada noroeste.

Segundo se recolle no Anteproxecto presentado, a superficie construída total é de 122,14 m<sup>2</sup>.

A actuación que se pretende é a reforma integral, con nova distribución interior e a elevación da altura da cuberta, coa modificación da disposición de faldóns, para o aproveitamento do espazo baixo cuberta.

SITUACIÓN E CONDICIÓN S URBANÍSTICAS:



As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ribadavia, NNSSPM, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987; e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, inclúen a parcela dentro da delimitación de Solo Urbano do núcleo urbano de Francelos.

A citada normativa de planeamento municipal non se atopa adaptada á *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, polo que é de aplicación o apartado 2 da súa *Disposición transitoria primeira. Réxime aplicable ós municipios con planeamento non adaptado e ós municipios sen planeamento*. Dado que se cumpren as condicións sinaladas no artigo 17.a) da citada *Lei 2/2016*, trátase de Solo Urbano Consolidado.

Nas NNSSPM inclúese a parcela dentro da delimitación do Casco Antigo de Francelos:

4.10.2. *Prescrición de Ordenacións Específicas da Normativa Urbanística das NNSSPM:*

(...)

*Por outra parte, nos Cascos Antigos de San Cristovo e Francelos redactarase un Plan Especial de Reforma Interior, ...*

9º. *Ordenación de recintos e conxuntos artísticos. Capítulo V. Organización Espacial da Memoria das NNSSPM:*

(...)

*Por outra parte, o núcleo urbano de Francelos presenta unha tipoloxía suficientemente diferenciada, de valor singular, para a que se estima debe operar unha conservación parcial do carácter e a tutela da Dirección Xeral do Patrimonio...*

Sendo de aplicación a Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter.

#### 4.8.1. Definición

*Espazo, xeralmente en ordenación cerrada con patios interiores. Está constituída por edificios antigos e representativos do carácter da urbe sendo necesario no mesmo unha conservación total ou parcial de dito carácter tradicional.*

#### 4.8.2. Ámbito Territorial

*O sinalado no plano de organización espacial.*

#### 4.8.3. Normas de Uso

##### 4.8.3.1. Usos admitidos

*Residencial: Vivenda agrupada.*

*Industria e almacén: Talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatible ou conviventes coa vivenda*

*Comercial: Comercio de calquera clase. Todos os grados*

*Dotacional: Calquera clase, de 1º grado asimilable á ordenación cerrada.*

#### 4.8.4. Normas de Volume

##### 4.8.4.1. Condicións de Posición

*Aliñacións e rasantes: as de planeamento.*

##### 4.8.4.2. Condicións de Parcelación

*Sen limitación en razón ó parcelario.*

##### 4.8.4.3. Condicións de Edificación

*As alturas de cornixa e plantas máximas admitidas no núcleo antigo, edificado en máis das súas dúas terceira partes, será a media dos edificios existentes, determinada sobre o fronte de mazá ou praza na que está enclavado o soar.*

*O fondo máximo para calquera altura será de 15 m.*

No Anteproxecto presentado proxéctase a modificación da cuberta, pasando de catro a dous faldóns, xerando hastiales; o que non se corresponde coas edificacións tradicionais illadas, que presentan cubertas a catro augas.

Nestes paramentos verticais proxéctanse ocós exteriores apaisados que non responden ás características tradicionais de ocós verticais.

O aleiro de cuberta, que na actualidade aparenta unha dimensión duns 20 cm. e responde ás características tradicionais, proxéctase de 1,00 m.

Proxéctase unha altura de cumio de 3,80 m., moi superior á existente e superando a máxima permitida, de 3,60 m., polas Normas Subsidiarias e Complementarias Provinciais.

A pendente dos faldóns do estado actual represéntase inferior ó 20%, a proxectada acada unha pendente superior ó 80%, o que non responde ás características tradicionais, non cumpríndose ademais a



pendente máxima permitida, 45%, polo apartado 3.5.5. *Construcións adicionais sobre a altura máxima das NNSSPM.*

*Por todo elo, conclúese que a Proposta que se achega non se axusta ás condicións urbanísticas polo que se informa desfavorablemente o Anteproxecto presentado."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Informar desfavorablemente o anteproxecto presentado para rehabilitación de vivenda unifamiliar por **Don José Luis Raña Cuña, na rúa Ramal nº 22, Francelos** en base ao informe transcrito anteriormente

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Servicio municipal de deportes, comunicando acta da reunión do Consello Municipal de deportes de data 10.05.2016.

- Do Arqueólogo municipal, escrito de data 19.05.2016, relativo o proxecto de actuación arqueolóxico para rehabilitación de vivenda e local comercial sito na Praza Garcia Boente nº 10.

- Da Tesourería Xeral da Seguridade Social, Resolución comunicando baixa por pase a situación de xubilación do traballador municipal Don Vicente Domínguez Fernández con data 11.05.2016. Os membros da Xunta de Goberno Local quedan enterados de dita situación administrativa, acordando que se de traslado os servizos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

- Do Director do Servicio Municipal de Deportes, comunicando proposta de taxas para actividades da Escola de Natación 2016.

### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**